

1.1 O sector primario

Tamén coñecido como sector agrario, abrangue as actividades económicas relacionadas coas transformacións dos recursos naturais e a produción de alimentos, é dicir, a agricultura, silvicultura, a gandería, a apicultura, a caza, a pesca e a acuicultura.

Dende o neolítico, hai 10.000 anos, ata a Revolución agrícola industrial do século XVIII a meirande parte da poboación vivía do seu traballo na agricultura e gandería nunha economía de subsistencia.

1.1.1 Medio rural e espazo agrario.

O *espazo agrario* é o territorio inserido no *medio rural* no que se desenvolven as actividades agrícolas, gandeiras e forestais

■ Formación dos espazos agrarios

A paisaxe agraria é o resultado da combinación de distintos factores:

■ Factores Físicos

— **O clima:** Os cultivos dependen das *precipitacións* e das *temperaturas*.

— **O relevo:** Condiciona pola *altitude* (cada 100 m. que ascendamos sobre o nivel do mar a temperatura baixa 0'6°C); a *orientación* (a ladeira de solaina é apta para cultivos, mentres a umbria non é axeitada. A exposición a ventos húmidos ou ventos cálidos e secos altera os cultivos).

— **As augas:** Ríos, lagos e augas subterráneas favorecen ou impiden os cultivos.

— **O solo:** Aporta os nutrientes para os cultivos. Os *solos ácidos* son pouco aptos, mentres os *básicos* son axeitados.

— **A vexetación:** O *humus* ou materia orgánica (restos de plantas e animais) contribúen a fertilizar as terras para o cultivo.

■ Factores Humanos

— **Históricos:** As actividades do sector primario xurden no neolítico e dende entón ten deixado pegadas no espazo agrario.


— **Demográficas:** A medida que medra a poboación precísanse máis recursos e auméntanse as terras de cultivo ou explotación gandeira.

— **Económicos e políticos:** O aumento da *demanda* deriva nun incremento da poboación; os *governos* interveñen entón na planificación da produción agraria.

— **Técnicos:** Factores que buscan superalos factores físicos negativos. A *mecanización* moderna, os *fertilizantes* e a *investigación tecnolóxica* melloran a produción.

■ Elementos dos espazos agrarios

Existen distintos elementos externos que definen unha paisaxe agraria:



- O hábitat rural (conxunto de vivendas e as súas construcións adxectivas: alpendres, cortes, ...) pode ser:

- *Hábitat concentrado*: as casas agrúpanse ao redor dun núcleo ou fonte de auga e a certa distancia dos campos de cultivo. Propio de zonas secas.

- *Hábitat disperso*: as vivendas están espalladas polo espacio agrario. Propio de zonas húmidas.

	
<i>Hábitat disperso Meaño (Pontevedra). Fonte MRP</i>	<i>Hábitat concentrado Xátiva (Valencia). Fonte Wikipedia</i>

- As parcelas (unidades básicas de cultivo). Poden clasificarse:

- Segundo o forma: *regulares* (xeométricas) ou *irregulares* (sen forma definida).

- Segundo o tamaño: grandes (*latifundios*, máis de 100 hectáreas) ou pequenas (*minifundios*, menos de 30 hectáreas).

- Segundo os límites: *campos abertos* ou *openfield* (sen límites físicos, propios de zonas de secaño) e os campos *pechados* ou *bocage* ou *enclosures* (rodeadas dunha cerca, valado ou sebe, propio de terras húmidas)

- Segundo os cultivos: *Policultivo* (diversos produtos) e monocultivo (un só cultivo.)

- Segundo a produtividade: *Cultivo intensivo* (alta produtividade) e *cultivo extensivo* (grandes extensións con baixa produtividade)

- Segundo a propiedade: *Privada* (pertence a un individuo ou empresa); *colectiva* (dun grupo de individuos) e *pública* (pertence a algunha institución, como o estado.) Diferentes espazos agrarios

- **Características dos espazos agrarios**

Existen distintos elementos externos que definen unha paisaxe agraria:

- A **agricultura de subsistencia**. Caracterizada polo policultivo, técnicas primitivas, produtividade baixa e forte dependencia dos factores físicos.

- *A agricultura itinerante ou de corta e roza*. Propio dos climas ecuatorial e tropical, de selva, caracterizada pola queima de zonas do bosque para o cultivo por 4 anos).

- *A agricultura extensiva de secaño*. Propia de zonas de clima tropical seco con dúas estacións, é dicir, de sabana. Emprégase o sistema de barbeito (rotalos cultivos e deixar unha parcela sen cultivar para a recuperación dos minerais).

- *A agricultura irrigada monzónica*. Vencellada aos ventos monzónicos. Cultivan mediante socalcos – desniveis do terreo – especialmente de arroz (2 colleitas anuais)

- **A agricultura de mercado:** Agricultura propia dos países desenvolvidos que buscan o máximo beneficio, investindo en maquinaria, investigación e fomentando a especialización. Predomina o monocultivo.

- *A agricultura europea:* a mediterránea de regadío ou a cerealita centroeuropea.

- *A agricultura de plantación.* Grandes plantacións nos países subdesenvolvidos.

- *Agricultura dos países novos* (EEUU, Canadá Arxentina, ...)

1.1.2 A gandería.

Actividade económica agraria que se basea na cría de animais para obter: alimentos (carne, leite, ovos, etc.) ou materias primas (la e coiro). Outros animais proporcionan forza para o traballo.

As primeiras relacións que estableceu o home coa fauna foron de carácter cinxético, no amplo sentido do termo, é dicir, baseada na cultura de especies silvestres, aínda que os nosos antergos tiñan armas máis sinxelas que as actuais.

A gandería foi, xunto coa agricultura, a actividade básica da gran revolución neolítica. Na actualidade, tamén conviven formas tradicionais con formas modernas que determinan, en moitos casos, o grado de desenvolvemento dun país.

- **Explotacións gandeiras segundo a produción**

- **Gandería extensiva:** Grandes explotacións ou granxas que destinan os seus capitais á man de obra – non por cantidade senón por especialización - , instalacións, alimentos, etc. Adicadas ao comercio

- **Gandería intensiva:** O gando pasta en grandes extensións onde se alimenta de forma natural. Precisa menos investimentos que a gandería extensiva.

1.1.3 Recursos forestais e silvicultura.

Termo derivado do latín *silva* (selva, bosque) e *cultura* (cultivo), por tanto é o cultivo dos bosques ou dos montes (recursos forestais), mediante regras ou técnicas que permiten a explotación racional dos bosques, ao tempo que se conserva e rexenera.

Practícase para a obtención de madeira, cortiza e celulosa, o que ten propiciado – en moitos casos – a desaparición das árbores autóctonas que son substituídas por especies de rápido crecemento (no caso galego, por exemplo, eucaliptos ou piñeiros en lugar de carballos, castiñeiros, ...)

1.1.4 Recursos pesqueiros.

A pesca é unha actividade baseada na captura e extracción de recursos (peixes, crustáceos ou moluscos) que ofrece o mar para alimentación, no cultivo, recreo ou industria. Podemos distinguir entre *pesca fluvial*, a que se desenvolve nos ríos, e *pesca mariña*, a que ten lugar nos mares e océanos.

■ Zonas pesqueiras


Non todos as zonas dos mares e océanos son ricos en recursos pesqueiros. A pesca concéntrase en diversos lugares do planeta, coñecidas como *caladoiros*; estas zonas son:

- Plataformas continentais: augas pouco profundas, cuxas condicións de luz, temperatura e abundancia de materia orgánica favorecen a vida dos peixes.
- Zonas de contacto das correntes mariñas frías e cálidas: zonas onde se concentra unha gran cantidade de pesca ao confluír especies das dúas correntes mariñas, especies depredadoras que van na súa procura ou especies migratorias.
- Zonas litorias ou costeiras: son percorridas por correntes de auga fría con moito plancto (pequenos organismos animais e vexetais diminutos que serven de alimento aos animais mariños), base da cadea alimentaria mariña.

■ Tipos e técnicas de pesca

Actividades pesqueiras:

- *Pesca tradicional ou artesanal*, realizada preto da costa
 - *Pesca baixura*: ten lugar nas zonas próximas á costa para abastecer os mercados locais (o peixe véndese nas *lonxas* de baixura). Un reducido número de mariñeiros, con embarcacións pequenas e provistos de redes e sedelas potentes, pescan un escaso volume de peixes e crustáceos.
- Pesca industrial:
 - *Pesca de altura*: Practícase en mar aberto, durante varios días ou meses con barcos grandes e ben equipados. Empregan modernas técnicas para localizar os bancos de peixe (radares, sonares, ...), avanzados métodos de tratamento e conservación das capturas. Precisan grandes infraestruturas portuarias para comercializar o gran volume e gra variedade de capturas.
 - *A gran pesca*: Pesca en augas moi afastadas. Os barcos pesqueiros son apoiados por barcos subministradores ou helicópteros e poden permanecer anos nos caladoiros.



- *Acuicultura ou piscicultura*: Cultivo controlado de especies animais e vexetais acuáticos (augas doces ou salgadas) en *viveiros*. Destacan especies como a troita, o salmón, a robaliza, o rodaballa, a dourada, as ostras e os mexilóns. Nas costas galegas estes moluscos son cultivados nas *bateas*.

Técnicas de pesca:

- Redes fixas: *Almadraba, trasmallo, nasas, ...*
- Redes móbiles: *Pesca ao cerco, pesca de arrastre, ...*

- Tipos de anzois: *Curricán, palangre,*
- Problemática actual da pesca:
- A *sobrepesca* ou *sobreexplotación* dos recursos: fixéronse precisas campañas para protexelos alevíns e limitalas capacidades da flota pesqueira mediante *cotas*.
- A ampliación das *augas xurisdicionais*: Tradicionalmente recoñecíase a liberdade de utilización das augas, mais as Nacións Unidas recoñeceu o dereito de cada país a dispoñer das súas augas territoriais (200 millas mariñas ou 370 quilómetros).